

## INFORME DA DIRECTORA

### Xunta de Escola celebrada o 9 de xullo de 2018

A petición da Directora en funcións da emE desde o día 8 de xuño ao 4 de xullo de 2018, María Araújo Fernández, procédese a informar das actividades realizadas pola Dirección neste período:

- Con data 26 de xuño recibíuse comunicación da Área de Calidade no que se informa da apertura do prazo para incluír na plataforma correspondente os méritos do Programa Docencia Individual do curso 2016/17, establecéndose un período de do 27 de xuño ao 31 de xullo.
- Con data 28 de xuño asistiron á reunión do “Plan de Comunicación do Sector da Minería” María Araújo, como directora en funcións do centro e Elena Alonso en calidade de Coordinadora da titulación.
- Con data 29 de xuño asistiron ao “Encontro Sectorial de Minas e Enerxía” da “Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia”, en representación do centro, organizado polo “Instituto de Estudos do Territorio”, María Araújo e Eduardo Giraldez.

En canto ao informe da Directora desde a data de nomeamento, 5 de xullo cabe sinalar:

- Con data 6 de xullo recibíuse comunicación de Secretaría Xeral relativa á entrada en vigor do disposto no artigo 13 do Decreto 68/2018, do 21 de xuño, no que se sinala como data de inicio das actividades académicas o período do 10 ao 14 de setembro, quedando á espera dos pasos que se tomen desde o equipo de goberno en relación á posible modificación do calendario escolar.
- A Directora informa de que no mesmo Decreto publícanse as taxas de matrícula de estudos de titulacións oficiais universitarias en Galicia e sinala que se modificaron as taxas de matrícula de títulos de máster de profesión regulada, equiparándose estas ás taxas de matrícula de graos de profesións reguladas, polo que esta redución de taxas afectou aos estudantes do Máster en Enxeñaría de Minas.
- Con data 6 de xullo celebrouse o Acto Académico de Gradación, que contou na mesa con representación dos Colexios Profesionais, Xunta de Galicia, Concello de Vigo e a Universidade de Vigo. Entregáronse Diplomas aos egresados das catro titulacións do centro (48 Grao EE, 15 Grao ERME, 13 Máster Enxeñaría de Minas, 2 Máster en Xeoinformática). Agradécese ás persoas que colaboraron no desenvolvemento do acto: estudantes, profesorado e persoal de administración e especialmente a María Araújo, responsable da organización e coordinación do evento.



- Finalmente a Directora informa da celebración dunha Xunta de Escola nas próximas semanas, ao obxecto de tratar algúns temas pendentes e xurdiron nos últimos días: modificación do calendario escolar, modificación das figuras de coordinación de actividades docentes e distribución de bolsa de horas de actividades docentes do centro, entre outras.